



Ciclo de Obradoiros para a sustentabilidade e descarbonización da Industria Alimentaria Galega

Clusaga ten a misión de impulsar as empresas alimentarias na súa transición verde e favorecer a súa competitividade industrial grazas ás prácticas sostibles. Por este motivo, Clusaga organiza un ciclo de Obradoiros para a Sustentabilidade e a Descarbonización, co apoio do IGAPE, para abordar a transformación cara a Ciclos de Carbono Alimentarios Sostibles e cumprir os obxectivos dunha Galicia climáticamente neutra.

Neste segundo bloque, daráselle continuidade ao ciclo de obradoiros con dúas sesións adicionais orientadas á detección de tecnoloxías e solucións sostibles que permitan a redución de emisións, así como á xeración de ideas que impulsen a consecución dunha cadea de valor alimentaria descarbonizada.

O ciclo rematará cunha sesión enfocada á creación de ideas colaborativas e á presentación de liñas de financiamento que faciliten ás empresas alimentarias levar a cabo as ideas xeradas no marco dos Obradoiros *Ciclos de carbono alimentarios sostibles*.

Búscase un enfoque práctico, interactivo, participativo e orientado a resultados a través de sesións grupais de traballo. Para participar neste ciclo de obradoiros, de carácter gratuito, é necesario inscribirse a través do seguinte formulario.

✉ circular@clusaga.org ☎ 682 616 021

[FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN](#)

Programa Bloque II

Obradoiro IV. “Solucións tecnolóxicas e ferramentas para reducir o CO₂”

- 📅 07/02
 - Implantación de tecnoloxías para a descarbonización
- 🕒 10.00 - 14.00 horas
 - Tecnoloxías innovadoras e casos de éxito
- 📍 Hotel Palacio del Carmen (Santiago de Compostela)
 - Análise de casos prácticos de empresas do sector
 - Identificación de beneficios e aspectos limitantes para reducir emisións

Obradoiro V. “Dinámica de co-creación de ideas para a descarbonización”

- 📅 07/03
 - Oportunidades de financiamento para a descarbonización
- 🕒 10.00 - 14.00 horas
 - Dinámica participativa de innovación para a redución de emisión
- 📍 Santiago de Compostela
 - Identificación de posibles alianzas e consorcios para proxectos colaborativos
 - Elaboración dunha proposta de valor das ideas xeradas
 - Presentación de desafíos e ideas de cada equipo para unha cadea de valor alimentaria descarbonizada

PROYECTO FINANCIADO POR EL IGAPE